

Promoción de materiais da AS-PG durante o mes de outubro.

ABRACADABRAS. Novo disco producido pola AS-PG


Xa podes mercar o novo disco!

Ampliamos a **todo o mes de outubro** a promoción do novo disco ABRACADABRAS.

As persoas que desexen facer reserva durante este mes terán un prezo reducido de 10 euros.

Para os socios e socias da AS-PG manterase o prezo de 8 euros.

Con letras de Marica Campo e interpretado polo grupo Pirilampo o disco poderase comprar, tamén nas tendas, a partir de novembro a 15 euros cada exemplar. O traballo, que consta de 14 temas, está editado en formato CD e formato DVD. No DVD aparecerán 8 temas con vídeo.



CANCIÓNS PARA ANTÍA

Tamén podedes, durante este mes de outubro, mercar o disco CANCIÓNS PARA ANTÍA a un prezo reducido de 10 euros.

Para os socios e socias da AS-PG o prezo será de 8 euros.

Cancións para Antía leva xa un tempo á venda nas tendas ao prezo de 15 euros.



Este disco está pensado para os nenos e nenas, mais tamén para os mestres e mestras, para quen se **elaborou un complemento didáctico que poderán encontrar na nosa web:**

www.as-pg.com.

Tampouco esquecemos aos pais e nais que, nun momento en que a transmisión xeracional da nosa lingua atravesamos por dificultades, poden ter a ocasión de mostrar á pequenada a realidade máis próxima a través da música e da canción. O noso obxectivo, é

pois, contribuír á galeguización dun espazo vital, o da infancia que, na

actualidade está a incrementar a oferta de posibilidades pensadas desde Galiza.

O disco está editado en formato CD e conta con 17 temas musicais.

UXÍO NOVONEYRA. CANTO DE PERMANENCIA

Non podemos esquecer o autor homenaxeado neste ano 2010 no Día das Letras Galegas, Uxío Novoneyra, sobre o que a AS-PG editou un documental que saíu a venda, no seu momento, no mes de maio e que agora volvemos promocionar.

O prezo para adquirir o documental é de 10 euros.

Para os socios e socias da AS-PG será de 6 euros.


Uxío Novoneyra. Canto de permanencia é un traballo realizado pola AS-PG en formato DVD.

O DVD recolle tres traballos que son complementares e ofrecen unha visión da obra e da persoa de Uxío Novoneyra en formato audiovisual e cuns formatos que van máis aló do público escolar.

O primeiro traballo, que poderíamos denominar como documental creativo, dura uns 30 minutos e é susceptible de ser proxectado de maneira autónoma e independente de calquera contexto e de calquera coñecemento previo da obra de Novoneyra.

O segundo dos traballos titúlase A CERTEZA DE SERMOS, dura uns 15 minutos e recolle recitado de textos de Novoneyra por el propio. Son textos inéditos canto á gravación se refere e proceden dos fondos documentais da AS-PG.

Finalmente, e como extras, o DVD recolle un recitado de versos dedicados a Novoneyra por Manuel María, Méndez Ferrín, M^a Xosé Queizán, Bernardino Graña e García Bodaño.



As persoas que desexen mercar os tres materiais (ABRACADABRAS, CANCIÓNS PARA ANTÍA E UXIO NOVONEYRA. CANTO DE PERMANENCIA) tamén terá un prezo reducido de 25 euros.

Para os socios e socias da AS-PG o prezo dos tres materiais será de 20 euros.

Quen desexe facer a reserva deberá ingresar na conta de Caixa Galicia **2091-0000-35-3040150083** a cantidade correspondente indicando no concepto o nome e apelidos e o material que desexa adquirir e logo enviar un correo a **informacion@as-pg.com** no que indique o seu nome e apelidos e o enderezo ao que se debe enviar o(s) disco(s), recibirano(s) nos próximos días no enderezo indicado. Non se considerará a reserva se previamente non se fai o ingreso.